



Guía Docente				
Datos Identificativos				2023/24
Asignatura (*)	Lingüística Xeral	Código	613G01004	
Titulación				
Descritores				
Ciclo	Período	Curso	Tipo	Créditos
Grao	1º cuatrimestre	Primeiro	Formación básica	6
Idioma	CastelánGalegoInglés			
Modalidade docente	Presencial			
Prerrequisitos				
Departamento	Letras			
Coordinación	Fernández Ferreiro, Manuel	Correo electrónico	manuel.fernandez.ferreiro@udc.es	
Profesorado	Alonso Ramos, Margarita Alvarez Caccamo, Celso Maria Fernández Ferreiro, Manuel	Correo electrónico	margarita.alonso@udc.es celso.alvarez.caccamo@udc.es manuel.fernandez.ferreiro@udc.es	
Web				
Descrición xeral	<p>Bases teóricas e metodolóxicas para o estudo e investigación da linguaxe e as linguas, e as súas aplicacións. Esta materia proporciona os coñecementos e destrezas básicos para o seguimento de calquera outra materia de corte lingüístico, e é a única de todo o plan de estudos que ofrece un panorama global das diferentes formas de estudar e entender a linguaxe, e das distintas aplicacións deses coñecementos. Polo tanto, fornece ao estudante con habilidades básicas para o desenvolvemento de actividades profesionais relacionadas coa linguaxe e, en xeral, coa comunicación.</p>			

Competencias / Resultados do título	
Código	Competencias / Resultados do título

Resultados da aprendizaxe			
Resultados de aprendizaxe	Competencias / Resultados do título		
Adquirir e organizar novos coñecementos (integrándoos nos xa posuídos) sobre o funcionamento da linguaxe e das linguas, tanto no que atingue á súa estrutura interna como nas súas dimensións cognitiva, social, aplicada, ...	A3 A11 A14 A15 A23	B1 B3 B5 B7	C6 C7 C8
Interpretar os textos científicos e divulgativos da lingüística, e relacionar os diferentes contidos tratados. Adquirir novo coñecemento a partir da súa lectura, integrándoo de maneira crítica.	A1 A2 A3 A23	B3 B7	C6
Buscar e seleccionar información sobre a linguaxe e as linguas.	A3	B1 B3 B5 B7	C6
Utilizar diferentes metodoloxías e técnicas habituais no estudo da linguaxe.	A1 A3 A11 A15	B5	C3 C6 C8
Analizar a estrutura das linguas nos seus diferentes niveis.	A1 A15	B2 B6 B7	C3



Analizar a linguaxe nas súas dimensións cognitiva, social, psicolóxica, ...	A1 A3 A11	B2 B3 B5 B7 B9	C3 C6 C8
Sintetizar, relacionar e elaborar xeneralizacións a partir dos datos dispoñibles, de forma selectiva, para a resolución de problemas lingüísticos.	A1 A3	B2 B5 B7 B9	C3 C6 C8
Organizar e expor contidos relativos á linguaxe, as linguas e a comunicación de forma organizada e argumentada, seguindo as pautas aceptadas no campo.	A4 A5 A6 A9 A10 A11 A23	B1 B2 B4 B9 B10	C1 C2 C6
Utilizar modos argumentativos e formas de traballo característicos da ciencia lingüística.	A1 A2 A3 A4 A5 A6 A10 A11	B2 B7 B10	C1 C2 C4 C7
Analizar e comentar textos e discursos utilizando apropiadamente as técnicas de análise.	A1 A2 A10 A11 A15 A23	B4	C1
Traballar cooperativamente na resolución de problemas de carácter lingüístico.	A10 A14 A15	B3 B4 B6 B7	C3 C6
Afrontar sen prexuízos os novos coñecementos sobre a linguaxe, as linguas e a diversidade lingüística, así como as novas perspectivas e métodos.	A1 A11	B1 B3 B5 B7 B8 B9 B10	C7 C8
Seguir e integrar sen prexuízos os avances doutras disciplinas que axuden ao progreso da lingüística, tanto na súa dimensión teórica como na aplicada.	A23	B1 B3 B5 B7 B8 B9 B10	C3 C4 C5 C6 C7 C8



Contribuír ao desenvolvemento científico e social aplicando as competencias adquiridas.	A15	B9 B10	C4 C5 C6 C7 C8
---	-----	-----------	----------------------------

Contidos	
Temas	Subtemas
1. A natureza da linguaxe e a lingüística.	1.1. Características xerais da linguaxe. 1.2. Linguaxe, lingua, fala. 1.3. Competencia(s) e actuación. 1.4. As dimensións estrutural, social e cognitiva da linguaxe e as linguas. 1.5. Como estudar a linguaxe.
2. A comunicación.	2.1. Definición, elementos e procesos da comunicación. 2.2. Sistemas de comunicación: linguaxe humana e linguaxes dos animais. 2.3. As orixes da linguaxe e das linguas. 2.4. Modos de comunicarse/canais de comunicación: a oralidade, a escrita, a dactilografía; linguas xestuais e tactis.
3. Linguaxe, mente e cerebro.	3.1. Conceptos básicos. A psicolingüística e a neurolingüística. 3.2. Lateralización e localización da linguaxe. 3.3. Patoloxías lingüísticas. 3.4. Adquisición da linguaxe e aprendizaxe das linguas.
4. Os sons das linguas.	4.1. Son lingüístico, fonema e alófono. A fonética e a fonoloxía. 4.2. Fonación, articulación e acústica dos sons lingüísticos. 4.3. Representación gráfica e clasificación dos sons lingüísticos. 4.4. Métodos de análise e estudo do son lingüístico. 4.5. Trazos suprasegmentais: melodía, ton e entoación. 4.6. Os sistemas fonolóxicos.
5. Da palabra ao discurso.	5.1. A forma das palabras. A morfoloxía. 5.2. A estrutura da oración. A sintaxe.
6. O significado.	6.1. O significado lingüístico. A semántica. 6.2. Significado, intención e contexto; a interpretación. A pragmática.
7. Unidade e diversidade das linguas.	7.1. Lingua e sociedade. A sociolingüística. 7.2. Universais e tipoloxía lingüística.
8. Aplicacións da lingüística.	8.1. Para que serve a lingüística? 8.2. A lingüística noutros campos científicos: o desenvolvemento científico e tecnolóxico. 8.3. Lingüística e desenvolvemento social.

Planificación				
Metodoloxías / probas	Competencias / Resultados	Horas lectivas (presenciais e virtuais)	Horas traballo autónomo	Horas totais
Lecturas	A1 A2 A3 A9 A10 A11 A14 A23 B1 B2 B3 B5 B6 B7 B8 B9 C2 C3 C4 C6 C7 C8	0	30	30



Obradoiro	A1 A2 A3 A4 A5 A9 A10 A11 A14 A15 A23 B1 B2 B3 B4 B5 B6 B7 B8 B10 C1 C2 C3 C4 C5 C6 C7 C8	32	16	48
Proba mixta	A1 A2 A3 A4 A5 A6 A9 A10 A11 A14 A15 A23 B1 B3 B4 B5 B6 B7 B10 C1 C2 C4 C8	0	8	8
Sesión maxistral	A1 A2 A3 A4 A5 A10 A11 A14 A15 A23 B3 B4 B5 B7 B8 B9 B10 C1 C3 C4 C6 C7 C8	28	28	56
Traballos tutelados	A1 A2 A4 A5 A6 A9 A10 A11 A14 A15 A23 B1 B2 B3 B4 B5 B6 B7 B8 B9 B10 C1 C2 C3 C4 C5 C6 C7 C8	0	7	7
Atención personalizada		1	0	1

\*Os datos que aparecen na táboa de planificación son de carácter orientativo, considerando a heteroxeneidade do alumnado

Metodoloxías	
Metodoloxías	Descrición
Lecturas	As lecturas proporcionaranlle ao estudante a maior parte dos contidos do curso, e deberá facer unha ou varias por cada tema. O/a estudante deberá presentar na aula as dúbidas que lle xurdan: o profesor/a tentará resolvelas ben directamente, ben utilizándoas como base para actividades de estudo de caso, seminario, discusión dirixida, solución de problemas... que leven á súa aclaración. Ademais, o profesor/a poderá entregarlles aos alumnos/as (individual ou colectivamente) lecturas complementarias de extensión variable, así como suxestións para a ampliación voluntaria de contidos.
Obradoiro	Denominamos así a combinación coordinada de varias metodoloxías das aquí recollidas cun obxectivo común a respecto dun tema ou cuestión: minidebates; textos complementarios; actividades prácticas en grupo; análise contrastiva de propostas de diferentes autores ou momentos históricos; traballo individualizado ou grupal sobre un tema proposto polo profesor/a ou polos/as estudantes; ou outros tipos de actividades formativas que poidan verse oportunas. Isto farase de forma secuencial e combinada, co propósito único de adquirir determinados contidos e desenvolver certas competencias.
Proba mixta	O alumnado realizará unha proba mixta final de tipo teórico e aplicado nas datas oficiais establecidas (xaneiro e xullo). Durante o curso realizarase unha proba mixta parcial liberatoria de contido para a proba mixta final. Na proba mixta final o alumnado examínase dos contidos non superados ou non examinados.
Sesión maxistral	Haberá unha sesión maxistral de 120 minutos cada semana. Dependendo do tema e/ou do docente, consistirá na exposición por parte deste dunha selección de contidos, ben por iniciativa propia ou a proposta dos estudantes, sexa para aclarar dúbidas sobre contidos recollidos nas lecturas, sexa para corrixilos ou para tratar outros novos.
Traballos tutelados	Os alumnos/as deberán realizar algunhas actividades prácticas ou de busca de información seguindo instrucións específicas do profesor/a e: cando este o determinar, controlarase o seu traballo en certas etapas (planificación inicial, estratexia de traballo...). O obxectivo é que o/a estudante desenvolva dinámicas e prácticas de traballo axeitadas e/ou propias do ámbito de coñecemento lingüístico.

Atención personalizada	
Metodoloxías	Descrición



Lecturas	A atención personalizada desenvolverase fundamentalmente nas titorías individuais ou grupais. Estas realizaranse presencialmente ou por videoconferencia (segundo considere oportuno o/a docente), e poderán ser por iniciativa do profesor/a ou do/a estudante. Aconséllase que o/a estudante solicite sen dilación unha titoría co profesor/a cando queira abordar dúbidas ou cuestións que non poden tratarse na aula. Tamén se aconsella que acorde previamente a titoría por correo electrónico, para ter garantida a dispoñibilidade do docente.
Obradoiro	
Proba mixta	
Traballos tutelados	

Avaliación			
Metodoloxías	Competencias / Resultados	Descrición	Cualificación
Obradoiro	A1 A2 A3 A4 A5 A9 A10 A11 A14 A15 A23 B1 B2 B3 B4 B5 B6 B7 B8 B10 C1 C2 C3 C4 C5 C6 C7 C8	Comprende toda a actividade ordinaria do estudante desenvolvida na aula e fóra dela. Porcentaxe non real: lea as observacións; avalíase no apartado de "Asistencia, participación e desempeño" do estudante ao longo do curso.	5
Proba mixta	A1 A2 A3 A4 A5 A6 A9 A10 A11 A14 A15 A23 B1 B3 B4 B5 B6 B7 B10 C1 C2 C4 C8	Proba escrita que o/a estudante realizará ao rematar o cuadrimestre, nas datas oficiais marcadas polo centro.	50
Traballos tutelados	A1 A2 A4 A5 A6 A9 A10 A11 A14 A15 A23 B1 B2 B3 B4 B5 B6 B7 B8 B9 B10 C1 C2 C3 C4 C5 C6 C7 C8	Cada estudante deberá realizar dúas ou tres actividades avaliadas ao longo do curso.	40
Sesión maxistral	A1 A2 A3 A4 A5 A10 A11 A14 A15 A23 B3 B4 B5 B7 B8 B9 B10 C1 C3 C4 C6 C7 C8	Comprende a actividade ordinaria do estudante durante as sesións maxistras e a actividade preparatoria previa. Porcentaxe non real: lea as observacións; avalíase no apartado de "Asistencia, participación e desempeño".	5

### Observacións avaliación



## 1. A CUALIFICACIÓN FINAL DA 1.ª OPORTUNIDADE (xaneiro

2024) responderá ao seguinte reparto porcentual:

### 1.1. Un 50% obterase

pola PROBA MIXTA ESCRITA. Celebrarase unha proba mixta escrita (exame) no mes de xaneiro, na data oficial de exame da materia: é imprescindible acadar unha cualificación mínima de 4.00 puntos nesta proba para superar a materia. Durante o curso celebrarase unha proba parcial eliminatória de contido: está prevista entre o 10 e o 30 de novembro, e quen obteña un mínimo de 4.00 puntos non deberá examinarse deses contidos na proba final oficial do mes de xaneiro.

### 1.2. Un 40% obterase da

realización de DÚAS OU TRES ACTIVIDADES ?individuais ou grupais, presenciais ou non? ao longo do curso. As actividades deben entregarse no momento, na forma e no soporte fixados polo profesor/a.

### 1.3. Un 10% responderá á

ASISTENCIA, PARTICIPACIÓN E DESEMPEÑO do estudante ao longo do curso.

1.4.a. Os/as estudantes que teñen unha dispensa académica oficial (DAO) recibirán un 50% da súa cualificación pola realización da PROBA MIXTA ESCRITA, e outro 50% pola realización das dúas ou tres ACTIVIDADES avaliáveis.

1.4.b. Os/as estudantes repetidores/as recibirán por defecto un 50% da súa cualificación pola realización

da PROBA MIXTA ESCRITA, e outro 50% pola realización das dúas ou tres

ACTIVIDADES avaliáveis. Se desexan que se lles computen a asistencia

e a participación (asistirán regularmente ás aulas) e acollerse ao reparto do estudantado de primeira matrícula (50%+40%+10%),

deben comunicalo ao profesor/a coordinador da materia na primeira quincena do curso. Nese

inicio de curso quedará

tamén establecido en que grupo se encadra cada alumno/a

repetidor.

1.5. A materia poderá ser adaptada ao alumnado que precise da adopción de medidas de apoio á diversidade, consonte ás indicacións da Unidade

de Atención á Diversidade (<https://www.udc.es/cufie/ADI/>), coa que se deberá contactar nos prazos establecidos por esta unidade. Pódese contar

tamén co asesoramento da titora ADI da facultade ([pat.filoloxia@udc.gal](mailto:pat.filoloxia@udc.gal)). En todo caso, quen solicitou que se lle recoñeza a

condición de estudante con adaptación e aínda non se lle comunicou a decisión,

debe informar ao coordinador da materia ([manuel.fernandez.ferreiro@udc.gal](mailto:manuel.fernandez.ferreiro@udc.gal)).

### 1.6. Superará a materia quen obteña unha cualificación

media mínima global de 5.00, logre un mínimo de 4.00 puntos na parte da proba

mixta escrita, e entregue polo menos dúas actividades avaliáveis.

## 2. SEGUNDA OPORTUNIDADE DE XULLO (xullo 2024):

### 2.1. Consérvanse as

cualificacións das probas e actividades superadas na 1.ª oportunidade.

### 2.2. Quen deba realizar

o exame (proba mixta escrita), farao no día oficial (véxanse as datas

definitivas na web ou no taboleiro oficial da Facultade). Examinarase

obrigadamente dos contidos parciais nos que non acadara un 4.00.

### 2.3. Realizaranse a/s

actividade/s nas que non acadara un 5.00 (poden ser diferentes das realizadas

en xaneiro). Estarán dispoñibles en Moodle ao rematar o período de exames do

segundo cuadrimestre.

### 2.4. Aos estudantes que

non superen a materia en xaneiro e teñan unha puntuación inferior a 5.00 puntos

no apartado de asistencia e participación, cualificaráselles co seguinte

reparto porcentual en xullo: (a) proba mixta escrita, 50%; (b) actividades ou

tarefas avaliáveis, 50%.



### 3. OPORTUNIDADE DE AVALIACIÓN ADIANTADA (decembro 2023)

#### 3.1. Poden presentarse a

esta oportunidade só estudantes cuns poucos créditos pendentes para rematar a titulación. Consúltese a documentación pertinente na web da UDC.

#### 3.2. Realizarase a avaliación

exclusivamente mediante unha PROBA MIXTA ESCRITA de carácter teórico-práctico, pola que se outorgará o 100% da cualificación.

### 4. CUALIFICACIÓN DE NON

#### PRESENTADO. Recibirán

cualificación de Non Presentado (N.P.) aquelas persoas que: (a) non se presenten a ningunha das probas mixtas escritas oficiais (ou os seus parciais) e que, ademais, (b) entreguen menos de dúas actividades avaliáveis.

---

NOTA. A fraude académica é absolutamente inaceptable. O profesor/a poderá utilizar ferramentas de busca e anticopia (entre elas Turnitin) para detectar plaxios nos materiais que desenvolvan os/as estudantes durante o curso. De atopárense coincidencias que exceden o razoable, terá consecuencias na súa cualificación: desde a minoración da cualificación ou o suspenso no traballo específico, ata a cualificación global de suspenso na materia. Lémbrese a este respecto que o Regulamento disciplinar do estudiantado da UDC recolle que a fraude académica é unha falta grave ou moi grave, e establece as sancións para estes casos: véxanse, entre outros, os artigos 10.3.f e 11.4.b ([https://sede.udc.gal/services/electronic\\_board/EXP2023/007335](https://sede.udc.gal/services/electronic_board/EXP2023/007335)).

Lémbrese que o mesmo Regulamento prohibe

a gravación, uso e distribución indebidos dos materiais utilizados nas materias:

non se poderán gravar ou distribuír por medio algún os materiais escritos e audiovisuais utilizados na materia, con propósitos alleos aos propios dela.

A expresión escrita e a oral serán sempre axeitadas. A falta de corrección ortográfica, de estilo e/ou de adecuación expositiva reflectirase negativamente nas cualificacións.



## Fontes de información

### Bibliografía básica

As lecturas obrigatorias de curso recóllense en Moodle. Alí tamén se atopan outros recursos (lecturas complementarias, materiais audiovisuais e na internet etc.) para profundar na materia. Manuais e obras introdutorias Bernárdez, Enrique (2018). ¿Qué son las lenguas? (2.ª edición). Madrid: Alianza. Bruhn de Garavito, Joyce, & Schwieter, John W. (eds.) (2021). *Introducing Linguistics. Theoretical and Applied Approaches*. Cambridge / New York, NY: Cambridge University Press. (\*) Escandell Vidal, María Victoria (2014). *La comunicación. Lengua, cognición y sociedad*. Madrid: Akal. Escandell Vidal, María Victoria (coord.) et al. (2011). *Invitación a la lingüística*. Madrid: Editorial Centro de Estudios Ramón Areces / UNED. [Esta obra é case idéntica a Escandell Vidal 2014]. Escandell Vidal, M. Victoria (coord.) et al. (2014). *Claves del lenguaje humano*. Madrid: Editorial Centro de Estudios Ramón Areces / UNED. (\*\*\*) Fasold, Ralph W., & Connor-Linton, Jeff (eds.) (2014). *An Introduction to Language and Linguistics* (2.ª edición). Cambridge: Cambridge University Press. (\*\*\*) Fromkin, Victoria, Rodman, Robert, & Hyams, Nina (ed.) (2000). *An Introduction to Language* (11.ª edición). Boston, MA: Cengage. (\*) Genetti, Carol (ed.) (2019). *How Languages Work. An Introduction to Language and Linguistics* (2.ª edición). Cambridge: Cambridge University Press. (\*\*\*) López García, Ángel et al. (1994). *Lingüística general y aplicada*. València: Universitat de València. (\*) O'Grady, William, Dobrovolsky, Michael, & Katamba, Francis (1997). *Contemporary Linguistics. An Introduction*. London / New York, NY: Longman. (\*\*) Ramallo, Fernando et al. (eds.) (2000). *Manual de ciencias da linguaxe*. Vigo: Edicións Xerais. (\*) Tusón Valls, Jesús (2007). *Introducción al lenguaje*. Barcelona: Universitat Oberta de Catalunya. [Orixinal en catalán: 2003.] (\*) Yule, George (2020). *The Study of Language* (7.ª edición). Cambridge: Cambridge University Press. [Existe tradución ao castelán da 3.ª edición en inglés de 2006: *El lenguaje*. Madrid: Akal, 2007]. (\*\*\*) Obras de referencia (diccionarios, enciclopedias?) Alcaraz Varó, Enrique, & Martínez Linares, María Antonia (2004). *Diccionario de lingüística moderna* (2.ª edición). Barcelona: Ariel. (\*\*\*) Brown, Keith (ed.) (2006). *Encyclopedia of Language and Linguistics*; 14 vols. Amsterdam / Boston, MA: Elsevier. (\*) Crystal, David (2000). *Diccionario de lingüística y fonética*. Barcelona: Octaedro. [Orixinal en inglés: *A Dictionary of Linguistics and Phonetics* (4th edition). Oxford: Blackwell, 1997. Hai unha 6.ª edición revisada de 2008 en inglés]. (\*\*\*) Crystal, David (1994). *Enciclopedia del lenguaje de la Universidad de Cambridge*. Madrid: Taurus. [Orixinal en inglés: 1987]. (\*\*\*) Crystal, David (2010). *The Cambridge Encyclopedia of Language* (3.ª edición). Cambridge: Cambridge University Press. (\*\*\*) Moreno Cabrera, Juan Carlos (1998). *Diccionario de lingüística neológica y multilingüe*. Madrid: Síntesis. Moreno Cabrera, Juan Carlos (2003). *El universo de las lenguas: clasificación, denominación, situación, tipología, historia y bibliografía de las lenguas*. Madrid: Castalia. Moreno Cabrera, Juan Carlos (2021). *La clasificación de las lenguas (= Claves de la Lingüística)*. Madrid: Editorial Síntesis. Trask, R. L. (1997). *A Student's Dictionary of Language and Linguistics*. London: Arnold. (\*)





<b>Bibliografía complementaria</b>	<p>Outros manuais e obras introdutorias</p> <p>Alonso-Cortés, Ángel (2002). <i>Lingüística</i>. Madrid: Cátedra. Alvar, Manuel (ed.) (2001). <i>Introducción a la lingüística española</i>. Barcelona: Ariel. Aronoff, M., &amp; Rees-Miller, J. (eds.) (2018). <i>The Handbook of Linguistics</i> (2nd edition). Hoboken, NJ: Wiley-Blackwell. Bernárdez, Enrique (2008). <i>El lenguaje como cultura. Una crítica del discurso sobre el lenguaje</i>. Madrid: Alianza Editorial. Bernárdez, Enrique (2016). <i>Viaje lingüístico por el mundo: iniciación a la tipología de las lenguas</i>. Madrid: Alianza Editorial. Cabeza Pereiro, María del Carmen (2020). <i>Fundamentos de las lenguas de signos (= Claves de la Lingüística)</i>. Madrid: Editorial Síntesis. Dorren, Gaston (2017). <i>Lingo. Guía de Europa para el turista lingüístico</i>. Madrid: Turner. [Orixinal en inglés: 2014]. Dorren, Gaston (2019). <i>Babel. La vuelta al mundo en 20 idiomas</i>. Madrid: Turner. [Orixinal en inglés: 2018]. Fischer, Steven Roger (2003). <i>Breve historia del lenguaje (= Humanidades; 4750)</i>. Madrid: Alianza. [Orixinal en inglés: 1999]. Hudson, Grover (2000). <i>Essential Introductory Linguistics</i>. Oxford: Blackwell. Isac, Daniela, &amp; Reiss, Charles (2008). <i>I-Language: An Introduction to Linguistics as Cognitive Science (= Oxford Core Linguistics)</i>. Oxford: Oxford University Press. López García, Ángel, &amp; Gallardo Paúls, Beatriz (eds.) (2005). <i>Conocimiento y lenguaje (= Educació. Materials; 80)</i>. València: Universitat de València. Mariño, Xurxo (2020a). <i>Unha mente que voa: unha mirada á evolución da linguaxe</i>. Vigo: Edicións Xerais. Mariño, Xurxo (2020b). <i>La conquista del lenguaje: una mirada a la evolución de la mente simbólica</i>. Barcelona: Shackleton Books. [Versión en castelán de Mariño 2020a]. Martín Vide, Carlos (ed.) (1996). <i>Elementos de Lingüística</i>. Barcelona: Octaedro. Martínez Celdrán, Eugenio (1995). <i>Bases para el estudio del lenguaje</i>. Barcelona: Octaedro. Martínez Celdrán, Eugenio (1998). <i>Lingüística. Teoría y aplicaciones</i>. Barcelona: Masson. McCabe, Anne (2011). <i>An Introduction to Linguistics and Language Studies</i>. London: Equinox Publishing. Moreno Cabrera, Juan Carlos (2000a). <i>Curso universitario de lingüística general. Tomo I: Teoría de la gramática y sintaxis general; Tomo II: Semántica, Pragmática, Morfología y Fonología (2.ª edición)</i>. Madrid: Síntesis. Moreno Cabrera, Juan Carlos (2000b). <i>La dignidad e igualdad de las lenguas. Crítica de la discriminación lingüística</i>. Madrid: Alianza. Moreno Cabrera, Juan Carlos (2017). <i>Claves históricas de la lingüística actual: 20 siglos de reflexiones sobre el lenguaje a través de 20 referencias fundamentales (= Claves de la Lingüística)</i>. Madrid: Editorial Síntesis. Moreno Cabrera, Juan Carlos (2018). <i>Origen y evolución de la gramática (= Claves de la Lingüística)</i>. Madrid: Editorial Síntesis. Radford, Andrew et al. (2016). <i>Introducción a la lingüística (2.ª edición)</i>. Madrid: Cambridge University Press. [Original en inglés: <i>Linguistics: An Introduction</i> (2nd edition). Cambridge: Cambridge University Press, 2009]. Sandoval, Jordan B., &amp; Denham, Dristin E. (2021). <i>Thinking Like a Linguist. An Introduction to the Science of Language</i>. Cambridge / New York, NY: Cambridge University Press. Simone, Raffaele (1993 [1990]). <i>Fundamentos de lingüística</i>. Barcelona: Ariel. Trask, R. L., &amp; Mayblin, Bill (2010). <i>Lingüística: una guía gráfica (= Para todos; 14)</i>. Buenos Aires / Barcelona: Paidós. [Original en inglés: <i>Introducing Linguistics</i>. Royston, UK: Icon Books Ltd, 2005]. Otras obras de referencia (diccionarios, enciclopedias?) Asher, R. E., &amp; Moseley, Christopher (eds.) (2006). <i>Atlas of the World's Languages</i> (2nd edition). London: Routledge. Breton, Roland (2003). <i>Atlas des langues du monde: Une pluralité fragile (= Collection Mini-Atlas)</i>. Paris: Éditions Autrement. Bright, William (ed.) (1992). <i>International Encyclopedia of Linguistics</i>. Oxford, UK: Oxford University Press. Cardona, Giorgio Raimondo (1991 [1988]). <i>Diccionario de lingüística</i>. Barcelona: Ariel. Comrie, Bernard, Matthews, Stephen, &amp; Polinsky, Maria (eds.) (2010). <i>The Atlas of Languages: The Origin and Development of Languages Throughout the World (= Facts on File Library of Language and Literature Series)</i>. London: Quarto Publishing. [Hai versión en portugués da edición inglesa de 1996: <i>O Atlas das Línguas: A Origem e a Evolução das Línguas no Mundo</i>. Lisboa: Editorial Estampa, 2001]. Ducrot, O., &amp; Todorov, T. (1998). <i>Nuevo diccionario enciclopédico de las ciencias del lenguaje</i>. Pamplona: Arrecife. Garry, Jane, &amp; Rubino, Carl (eds.) (2001). <i>Facts About the World's Languages: An Encyclopedia of the World's Major Languages, Past and Present</i>. New York / Dublin: New England Publishing. Junyent, Carme, &amp; Muncunill, Cristina (2010). <i>El libro de las lenguas (= Colección bolsillo)</i>. Barcelona: Octaedro. Lázaro Carreter, Fernando (1953). <i>Diccionario de términos filológicos</i>. Madrid: Gredos. Price, Glanville (ed.) (2001). <i>Enciclopedia de las lenguas de Europa</i>. Madrid: Gredos. [Orixinal en inglés: 1998]. Richards, Jack C., Platt, John, &amp; Platt, Heidi (1997). <i>Diccionario de lingüística aplicada y enseñanza de lenguas</i>. Barcelona: Ariel. [Orixinal en inglés: 1992, 2.ª edición]. Störig, Hans Joachim (1990). <i>A aventura das línguas: Uma viagem através da História dos idiomas do mundo (2.ª edición)</i>. São Paulo: Melhoramentos. [Orixinal en alemán: 1987]. Tusón, Jesús (ed.) (2000). <i>Diccionario de lingüística</i>. Barcelona: Biblograf. Xavier, M. F., &amp; Mateus, M. H. (eds.) (1992). <i>Dicionário de termos lingüísticos</i>. Lisboa: Cosmos.</p>
------------------------------------	---



## Recomendacións

Materias que se recomenda ter cursado previamente

Materias que se recomenda cursar simultaneamente

Materias que continúan o temario

Linguas do Mundo/613G01030

Lingua e Sociedade/613G01048

Linguas e Tecnoloxías/613G02045

Linguaxe. Discurso e Comunicación/613G03034

## Observacións

Recoméndaselle ao estudante que lea atentamente esta guía docente. Nela atopará resposta a case todas as preguntas que lle xurdan sobre a concepción, organización e obxectivos do curso; pode acudir ao profesorado para aclarar calquera cuestión ao respecto. Particularmente, debe prestar especial atención ao seguinte: 1. Realice puntualmente as lecturas e actividades encomendadas; estas deben entregarse no momento, forma e soporte establecidos. 2. O plaxio total ou parcial de actividades é inadmisibile. Pode conlevar a perda de máis puntuación có valor da actividade afectada, e mesmo o suspenso na materia. A información debe ser recollida, procesada e ofrecida de forma distinta á da fonte utilizada, sexa esta bibliográfica, audiovisual, persoal, a internet ou calquera outra. Considérase moi grave a copia total ou parcial de traballos elaborados por outros/as estudantes. 3. Nas exposicións escritas débense coidar a corrección ortográfica, o estilo e a adecuación expositiva; de igual forma, as exposicións orais deben adecuarse ao contexto académico e aos obxectivos perseguidos. De non ser así, reflectirase negativamente nas cualificacións.

(\*A Guía docente é o documento onde se visualiza a proposta académica da UDC. Este documento é público e non se pode modificar, salvo casos excepcionais baixo a revisión do órgano competente dacordo coa normativa vixente que establece o proceso de elaboración de guías